

ORLANDO, A MIÑA BIOGRAFÍA POLÍTICA

1173

Paul B. Preciado, 2023

ESTREA EN NUMAX: 26.09.2023 | V.O.S.G. | +12 | 98 min

En 1928, Virginia Woolf publica Orlando, a primeira novela na que o personaxe principal cambia de sexo no medio da historia. Un século máis tarde, o filósofo Paul B. Preciado decide escribirlle unha carta a Virginia Woolf: o seu Orlando saíu da ficción e leva unha vida que endexamais tería imaxinado.

«Un ensaio fílmico vibrante,
intelixente e emotivo»

Gregorio Belinchón, EL PAÍS



Entrevista con Paul B. Preciado: «Quería facer unha lectura non binaria de Orlando»

Por Philippe Azoury

Cando leu por primeira vez *Orlando*, de Virginia Woolf, e en que momento xurdiu o desexo de facer unha “adaptación”, ou máis ben de utilizalo como punto de partida para unha potencial autobiografía? Lin o libro de Woolf cando era adolescente en España. Era a primeira vez que lía ou escoitaba unha historia na que o protagonista cambiaba de xénero na metade do relato. Lelo foi un choque. E, porén, naquel momento non pensaba en converterme nunha persoa transxénero como son hoxe, no sentido de que incluso a existencia política dunha persoa trans me era completamente descoñecida a mediados dos 80. Pero a lectura do libro probablemente fixo posible esa transformación nalgún lugar da miña imaxinación. Por iso este libro é crucial para min: a miña existencia futura fíxose posible non na realidade, senón na ficción e grazas á ficción.

***Orlando* vai máis alá da fantasía social...** Si. Podemos pensar en *Psicose* (Alfred Hitchcock, 1960), un dos primeiros éxitos populares da historia do cinema, como no filme seminal nunha construción do medo arredor da figura da persoa trans, coa invención da persoa trans como enferma mental e asasina en serie. Case tería graza se a fantasía non persistira no discurso dominante do feminismo antitrans, coas súas historias de que é necesario defenderse dos homes que se visten de muller para atacalas nos baños... Cando ocorreu iso na historia fóra do cinema de terror? Despois de *Psicose* ata *Vestida para matar* (Brian de Palma, 1980) ou *O silencio dos cordeiros* (Jonathan Demme, 1991) ata *Titane* (Julia Ducournau, 2021) esa representación necropolítica das persoas trans seguen dominando o cinema aínda hoxe en día, a pesar da crecente visibilidade e recoñecemento legal. Falamos moito da hexemonía da “mirada masculina”, pero tamén deberíamos falar da “mirada binaria” e da súa omnipresencia na historia do cinema.

A pesar do seu título, *Orlando: A miña biografía política* non é un filme sobre Orlando. Tampouco é unha biografía de Paul B. Preciado. É máis ben un traballo sobre a dimensión política dunha narrativa que se tomou en serio, como un mito da indiferenza sexual. Segue sendo unha ficción? Ou xa é un documental? Eu non falaría de indiferenza sexual, senón máis ben da invención dun paradigma non binario. Iso é moi importante para min. E o mesmo ocorre coa segmentación entre ficción e documental. Non quería escoller entre un xénero e outro. Outra vez. Quería facer un filme non binario. Ao longo da historia, *Orlando* leuse de maneiras diferentes e datables. No 1928, era como unha burla, unha novela de ciencia ficción como o *Frankenstein* de Mary Shelley, cando non directamente unha novela picaresca. Nos anos sesenta, o libro foi relido como feminista. Unha crítica á sociedade patriarcal do século XIX. Logo, nos anos oitenta, releuse como unha historia lesbiana. *Orlando* como autobiografía da entidade amorosa formada por Vita e Virginia. Agora o libro comeza a lerse desde o punto de vista da política trans. Quería facer unha lectura non binaria de *Orlando*. De feito, penso en Virginia Woolf como unha autora non binaria. Se vivise hoxe, probablemente diría “elu” para falar de si mesma. Isto é o que axuda a esclarecer o punto que se debateu durante décadas sobre o rexeitamento de Virginia Woolf a adoptar un compromiso feminista naturalista. Persoalmente, creo que se debe sinxelamente a que non só se sentía muller. (...) E iso é o que lle permitiu, desde ese lugar de excentricidade, descodificar con tanta agudeza os xogos da masculinidade e a feminidade da súa época.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Orlando,
Virginia Woolf.
Irmás Cartoné, 2014

Dysphoria mundi,
Paul B. Preciado.
ANAGRAMA, 2022

*Yo soy el monstruo que
os habla*,
Paul B. Preciado.
ANAGRAMA, 2020